CONCELLO
DE
MEIS

Marta Giráldez Barral (1 para 1)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 03/11/2026
HASH: fa951f5f810382004f0aaad453b59ec9

ESTE NADAL PRÉMIATE EN MEIS 2026

CONCELLO DE MEIS

Dende o Concello de Meis queremos axudarvos a promover as compras e o consumo nos vosos establecementos este nadal. É por iso que, de novo dende o Concello imos a lanzar a campaña de nadal "Este Nadal Prémiate en Meis 2026", cunha cantidade máxima de 3.100,00 € en premios en rascas "rasca e gaña".

BASES

PRIMEIRA.- Obxectivos:

O Concello de Meis quere promover e dinamizar a actividade comercial e hostaleira do municipio. Con este obxectivo, poranse en marcha uns "rasca e gaña" cunha cantidade máxima de 3.100,00 € en premios.

Nesta edición non se fará unha campaña diferenciada entre o comercio e a hostalería, polo que todos os establecementos participantes recibirán o mesmo número de premios, segundo unha estimación inicial, que poderá variar en función do número final de inscritos. Cada establecemento disporá aproximadamente dun premio de maior valor e dous de menor contía.

Como referencia, na campaña dos anos 2024/2025 os premios asignados a cada establecemento foron dun vale de 45,00 € e dous vales de 25,00 €, aínda que o reparto definitivo dependerá do número de negocios que participen nesta nova edición.

SEGUNDA.- Premios:

A estimación aproximada que fixemos polo número de participantes na edición pasada é de 32 establecementos polo que o reparto sería o seguinte:

32 rascas de 45,00 €
64 rascas de 25,00 €

De ser máis ou menos participantes teriamos que axustar o número e o importe dos vales.

Cada rasca só se poderá gastar nun único establecemento.

TERCEIRA.- Condicións de participación:

Todos os comercios, establecementos de servizos e de hostalaría situados no municipio de Meis poderán participar nesta campaña. Para iso, deberán cubrir a corresponde ficha de inscrición e presentala no Concello dentro do prazo establecido.

Con todos os establecementos participantes elaborarase un listado oficial no que se indicarán os locais nos que se poderán consumir os vales de compra.

É imprescindible que os establecementos que reciban un rasca e gaña realicen a correspondente factura electrónica ao Concello de Meis e a presenten a través da plataforma estatal ***FACE*** ou da ***Sede Electrónica*** no apartado ***Factura Electrónica*** (as vosas asesorías ou xestorías poden axudarvos neste trámite).

Cod. Validación: 3DWWRL44EQ2T2Q7MLKA6CP5MX
Corrección: https://meis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

Ademais, deberedes entregar o rasca trocado, no que se deberá anotar o nome e o número de teléfono da persoa gañadora na parte posterior do mesmo.

O prazo de inscrición será dende o luns 09 de novembro ata o venres 20 de novembro de 2026 ás 14.00h.

CUARTA.- Desenrolo da campaña:

Todos aqueles establecementos que teñan interese en participar, presentarán a ficha de inscrición no rexistro do Concello. Posteriormente recibirán os rascas que deberán repartir entre os seus clientes.

Para o comercio e servizos unha rifa por cada 20,00 € de compra.

Para hostalería non existe un gasto mínimo xa que é un tipo de compra distinta deixando o reparto a criterio da hostaleira/o.

QUINTA.- Duración da campaña:

Dende o mércores 9 de decembro de 2026 ata o 9 de xaneiro de 2027.

Cada rasca deberá estar selado polo establecemento que a entregou.

A data máxima para comprar/consumir os rascas é o **15 de marzo de 2027.**

O importe dos rascas serán abonados directamente aos establecementos participantes, polo que aqueles establecementos que reciban un vale deben presentar no FACE ou na Sede Electrónica do Concello unha factura a partir do **1 de xaneiro de 2027** pola contía do vale indicando, o nome da persoa agraciada e a data de consumo do mesmo. Dita factura acompañarase unha copia do tícket de compra por importe igual ou superior ao referido vale. A data máxima de presentación das facturas, será o **31 de marzo de 2027**.

PROTECCIÓN DE DATOS: O CONCELLO DE MEIS é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de xestionar o concurso. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO DE MEIS. Avda. Cambados - O Mosteiro, 67 - 36637 Meis (Pontevedra). Email: dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE

Cod. Validación: 3DWWRL44EQ2T2Q7MLKA6CP5MX
Corrección: https://meis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

CONCELLO
DE
MEIS

FICHA DE INSCRICIÓN

CAMPAÑA " ESTE NADAL PRÉMIATE EN MEIS 2026 "

NOME DO ESTABLECEMENTO:

ENDEREZO:

PERSOA DE CONTACTO:

TELÉFONO:

HORARIO:

A participación na campaña "Este nadal prémiate en Meis 2026", leva implícita a aceptación íntegra das bases reguladoras desta campaña.

SINATURA,

Cod. Validación: 3DWWRL44EQ2T2Q7MLKA6CP5MX
Corrección: https://meis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3